

PROTAGONISTAS  
DEL DÍA



**Isabel II**  
Reina de Inglaterra



**Rolando Villazón**  
Tenor



**Javier Bardem**  
Actor



**Silvia Soler**  
Escritora

## TENDENCIAS CIENCIA CULTURA OCIO

La reina Isabel II de Inglaterra recibirá a partir del año próximo un 5% de aumento en sus ingresos anuales, tras los beneficios obtenidos por el Crown Estate, la cartera de propiedades en poder de la Corona.

El carismático tenor mexicano presentó ayer en el Palau de la Música Catalana, en su única actuación en España, su último álbum, *Verrù*, una personal selección de arias del compositor italiano.

Javier Bardem y Sean Penn, protagonistas de *The Gummy*, llegan hoy a una zona de Caldes d'Estrac que no se ha hecho pública para rodar algunas escenas de esta coproducción francoamericana.

El verano que comienza, de Silvia Soler, es, además del último Premio Ramón Llull, un "pequeño elegio de la nostalgia", una novela en la que los lectores reconocerán y recordarán los veranos de su niñez.

VIERNES  
29 DE JUNIO DE 2012

EL CORREO GALLEGO

39

# O 'Túnel do Viño' divulga a riqueza das denominacións de orixe galegas

Especialistas e público degustaron onte en Santiago as 200 marcas comerciais das adegas participantes na Cata de Viños//Os pequenos produtores tamén estiveron representados

MARCOS GÁNDARA  
Santiago

En poucas ocasións o público ten a posibilidade de se achegar á realidade da produción vitivinícola galega como onte aconteceu no Hostal dos Reis Católicos, nunha iniciativa inédita que, baixo o título *Túnel do viño das catas de Galicia 2012*, reuniu douscentos caldos das denominacións de orixe galegas, participantes na presente edición, a número 25, da Cata de Viños de Galicia.

Dispostos en mesas organizadas segundo a antigüidade das denominacións de orixe —a máis veterana a D.O. Ribeiro— e por orde alfabético das diferentes marcas comerciais en cada un dos paneis, os especialistas e o público en xeral puideron catar os viños —brancos e tintos— do histórico curso, que se resolveu o vindeiro 2 de xullo.

Os participantes na cata recibiron cadansúa copa ao inicio do percorrido, para se servir persoalmente os viños que desaxeran catar. Cada caldo identificouse cunha ficha para a súa consulta, na que se incluían os datos propios do viño (aínda, volume da produción, denominación de orixe) pero tamén os datos de contacto da adega produtora.

Os caldos das D.O. Monterrei, Rías Baixas, O Ribeiro, Ribeira Sacra e Valdeorras compartiron tamén espazo

coa produción do Consello Regulador das Augardantes e Licores Tradicionais de Galicia, que permitiu catar os augardentes, licores café e licores de herbas que se presentaron a esta edición das catas.

A conselleira do Medio Rural e do Mar, Rosa Quintana, que visitou o Hostal durante a mañá cualificou o Túnel —unha iniciativa organizada pola Xunta en colaboración cos consellos reguladores dos viños e augardentes da Comunidade— como unha actuación sen precedentes e unha grande oportunidade para que o público coñeza a calidade dos viños e licores elaborados en Galicia. A singularidade do encontro radica en que por primeira vez nun único lugar e día varios tipos de caldos, augardentes e licores foron catados polos asistentes ao encontro. Segundo sinalou a conselleira, o túnel tamén favorece a promoción das marcas e de adegas cun pequeno volume de produción, que é difícil atopar mesmo en vitíotecas, e tendas especializadas e que non adoitán estar presentes noutros certames sectoriais.

O evento permaneceu aberto ao público en xeral até as 20 horas e varios técnicos das diferentes denominacións de orixe galegas facilitaron explicacións aos interesados sobre os seus respectivos caldos.

atendencias@elcorregallego.es



A conselleira Rosa Quintana, durante a súa cata onte no Túnel do Viño. Foto: Fernando Blanco



Visitantes onte no Hostal dos Reis Católicos do Túnel do Viño. Foto: Fernando Blanco

## AS D.O.

●●● D.O. MONTERREI: Os viñedos da D.O. Monterrei esténdense polos concellos de Castrelo do Val, Monterrei, Ombra e Verín, en Ourense.

●●● D.O. RÍAS BAIXAS: A área divídese en cinco subzonas: Val do Salnés, Condado do Tea, O Rosal, Soutomaior e Ribeira do Ulla.

●●● D.O. RIBEIRA SACRA: Ladeiras dos ríos Miño, Sil e os seus afluentes. Comprende as subzonas de Amandi, Chantada, Quiroga-Bibei, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil.

●●● D.O. RIBEIRO: Aséntanse sobre unha superficie de 2.685 ha. de viñedo, situadas na confluencia dos vales dos ríos Miño, Avia, Arnóa e Barbanhão, en Ourense.

●●● D.O. VALDEORRAS: Superficie vitícola dos concellos de Larouco, Petín, O Bolo, A Rúa, Vilamartín, O Barco, Rubiá e Carballeda de Valdeorras, ribeiras e vales do Sil e do Xares.